

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ENTIDADE COLABORADORA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A INSTRUMENTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA ÁS PERSOAS BENEFICIARIAS DA TARXETA BONO TURÍSTICO

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2022

REUNIDOS

Por unha banda, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte D. José Lino Comesaña Calvo, con N.I.F. _____, director de Negocio de Banca Institucional en Galicia, Asturias y León, en representación de **ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.** con NIF A70302039 e con domicilio social en C/ Cantón Claudino Pita, nº 2, C.P. 15.300 Betanzos (A CORUÑA).

As partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente acordo nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

1. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia para a promoción e ordenación do turismo.
2. Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como

obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

3. Que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, pretende impulsar unha nova edición do Bono Turístico Quedamos en Galicia co obxectivo de seguir colaborando e cooperando co sector turístico de Galicia, un dos máis afectados pola situación de emerxencia de saúde pública da pandemia COVID-19.

As diferentes medidas que se tiveron que adoptar para controlar e minorar a crise sanitaria, tiveron una repercusión moi negativa no sector, sendo un dos que presentan unha maior afectación económica e de perda de emprego. Unha situación alongada no tempo máis do que se prevía, polo que a Administración autonómica, en cooperación co Clúster Turismo de Galicia, segue desenvolvendo iniciativas que permitan reactivar e relanzar o sector, propiciando a súa recuperación económica.

Entre esas iniciativas se encadra o bono turístico que persegue o mesmo fin, que non é outro estimular a demanda turística interna, a través do consumo de servizos e prestacións turísticas en calquera dos establecementos adheridos a este programa.

Esta terceira edición, que pretende paliar a estacionalidade turística, promovendo o uso da tarxeta fora dos meses de verán, estará dirixida a todas as persoas maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia, de acordo co que se estableza nas bases reguladoras.

4. Que a Axencia Turismo de Galicia debe dispoñer dun instrumento que dea soporte a xestión desta axuda que se convoca mediante a aprobación das bases reguladoras correspondentes para a súa concesión a través da Tarxeta Bono Turístico. Considerando o medio máis idóneo para facela efectiva, unha tarxeta prepago que se entregará ás persoas beneficiarias, por este motivo e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convocou un procedemento de selección dunha entidade

colaboradora sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

5. Que a entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., conforme á Resolución da Dirección da Axencia Turismo de Galicia do 1 de marzo de 2022 resultou seleccionada como entidade colaboradora na xestión da axuda, a través da denominada tarxeta Bono Turístico.

En virtude do exposto, as partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a instrumentación da axuda económica para os beneficiarios do programa Bono Turístico no ano 2022.

A instrumentación da axuda económica, farase efectiva a través da entrega da denominada Tarxeta Bono Turístico, unha tarxeta prepago que se cargará dunha soa vez co total que corresponda segundo a modalidade de axuda solicitada,, tendo unha vixencia comprendida entre o día da súa emisión e o 31 de decembro de 2022.

Esta tarxeta só poderá ser utilizada nos establecementos e/ou para as prestacións turísticas ofertadas polas empresas adheridas ao programa Bono Turístico.

Segunda. *Operativa da colaboración*

A entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. como entidade colaboradora da Axencia Turismo de Galicia na instrumentación da axuda económica ás persoas beneficiarias do programa Bono Turístico, obxecto de convocatoria pública a través da correspondente orde na que se establecerán as bases polas que se rexerá a concesión desta axuda económica, a

través da Tarxeta Bono Turístico, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asume a efectividade do pago aos beneficiario a través da carga da tarxeta correspondente.

A dinámica da colaboración será como se expón a continuación:

A Axencia Turismo de Galicia remitirá á entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. unha relación de persoas beneficiarias da axuda.. A relación conterá, cando menos, o nome e apelidos, número de teléfono móbil e enderezo da persoa beneficiaria da axuda.

A entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. unha vez recibidos estes documentos, dará de alta as tarxetas nos seus sistemas, procederá á súa estampación e xestionará cada unha das tarxetas solicitadas de modo que sexan totalmente independentes entre si, cargando cada tarxeta co saldo inicial indicado pola consellería.

Unha vez finalizado este proceso a entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. remitirá as tarxetas cargadas cos importes solicitados aos enderezos especificados para cada unha delas. As tarxetas enviaranse inactivas, polo que non poderán operar ata que se realice a súa activación. Xunto coas tarxetas enviaranse as instrucións para a súa activación e as condicións de uso..

A Axencia será titular das tarxetas solicitadas á entidade.

Terceira. *Compromisos das partes*

A Xunta de Galicia, a través da Axencia, comprométese a:

- Enviar unha relación ou relacións coa petición de emisión de tarxetas na que se indicará:
 - Número de tarxetas que se solicitan
 - Nome e apelidos de cada persoa destinataria final da tarxeta

- Número de teléfono móbil asociado a cada rexistro de tarxeta solicitada para permitir ás persoas destinatarias dela a súa activación e para comunicar os sucesivos ingresos.
- Enderezo ao que enviar a tarxeta.
- Clave identificativa de cada rexistro.
- Librar mensualmente o crédito necesario para realizar a carga inicial ou, si fora o caso, recarga das tarxetas.
- Facilitar á entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. o formato e contido da carta á que se anexa a tarxeta.
- Habilitar un teléfono de soporte operativo ao que se poidan dirixir as persoas beneficiarias da axuda que requiran de información adicional sobre as condicións operativas da tarxeta e xestións sobre a súa operatoria, tales como solicitudes de bloqueo por perda/roubo, solicitudes de duplicado, etc.

A entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. comprométese a:

- Ter habilitado o procedemento operativo para facer efectiva a axuda ás persoas beneficiarias.
- Habilitar unha pasarela de pagamento ou TPV Virtual de pagos por email que permita xestionar a achega das persoas solicitantes do bono turístico de forma segura e a distancia.
- Levar a cabo a estampaxe, gravación e en xeral todos os procesos necesarios para a xestión das tarxetas, que terán as características detalladas na cláusula 4.
- Desenvolver unha aplicación de xestión da tarxeta, personalizar os soportes, deseñar a tarxeta, homologala e proporcionar soporte técnico.
- Emitir e remitir, nun prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción da solicitude da Axencia, as tarxetas prepago que esta indique en cada momento. As tarxetas remitiranse nun soporte físico no que se incluírá información para a súa activación e relativa á operativa da tarxeta tal como solicitude de bloqueo por perda/roubo, solicitude de duplicado, etc. xunto con aqueloutra información que considere oportuna a Xunta de Galicia.

- Facilitar á Axencia un ficheiro de resposta ás solicitudes de emisión habilitado de xeito que se permita a identificación e xestión independente de cada solicitante.
- Cargar os fondos entregados pola Xunta de Galicia na tarxeta nun prazo máximo de dous días hábiles desde que se lle realiza a transferencia deles.
- Comunicar á Axencia, a través do correspondente ficheiro de resposta e con carácter mensual, a efectividade das cargas solicitadas ou as incidencias que se tiveran producido.
- Cumprir cos requisitos e obrigas impostas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, particularmente co disposto nos artigos 10 e 12, así como polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Cuarta. Características e deseño da tarxeta

1. A tarxeta emitida por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. ao abeiro deste convenio terá as seguintes características:

- Será una tarxeta prepago cuxa titularidade corresponderá á Axencia Turismo de Galicia.
- Emitirase con carácter nominativo, e non poderán ser usadas máis alá do 31 de decembro de 2022.
- Poderá ser utilizada en calquera establecementos adheridos ao programa Bono Turístico que empregue a tarxeta encadrado baixo os sectores de actividade e categorías comerciais de medios de pago correspondentes aos establecementos citados na cláusula primeira, non admitíndose a operatoria en contornas off-line ou en sectores alleos aos anteriormente mencionados. As limitacións ao uso circunscríbense exclusivamente a permitir a súa utilización como medio de pago nos establecementos que, admitindo o pago con tarxetas financeiras, pertencen ou estean encadrados nos sistemas de medios de pago españois definidos baixo os devanditos sectores de actividade mencionados.
- A tarxeta non poderá ser utilizada en caixeiros automáticos nin permitirá as disposicións de efectivo en oficinas.

2. Deseño da tarxeta

O deseño do tarxeta será o que indique a Axencia, que en todo caso se axustará ás normas que para este tipo de tarxetas teñan establecidas tanto a entidade bancaria como os sistemas de medios de pago asociados, axustándose aos estándares das tarxetas financeiras en canto a dimensións, materiais, localización e características da banda magnética, chip cando proceda e outros condicionantes definidos polas Redes e Organizacións de tarxetas financeiras, e de acordo co Manual de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Quinta. Operativa da tarxeta

1. Activación

A activación da tarxeta realizarase de forma individualizada e será a persoa beneficiaria quen a solicitará, preferentemente unha solicitude Web na que se especificará, entre outros datos o móbil asociado á súa tarxeta, sen prexuízo de que a entidade habilite outros medios para activalas e proceda á resolución das incidencias relacionadas coa dita activación, do cal se dará conta á consellería.

A entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. ao recibir a petición contestará pola SMS, avisando á persoa usuaria da activación da tarxeta, do seu PIN e do saldo inicial..

2. Consultas do saldo

As persoas usuarias das tarxetas coñecerán o seu saldo a través dos seguintes medios:(segundo oferta da entidade seleccionada).

3. Baixa das tarxetas

A entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. procederá a dar de baixa as tarxetas cando así llo indique a Axencia.

4. Tarxetas perdidas ou roubadas

A Axencia comunicará á entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. as perdas ou roubos das tarxetas das que teña constancia e esta última consultará o saldo dispoñible,

daraas de baixa ou no seu caso bloquearaas e dará de alta unha nova co saldo dispoñible que tiña a tarxeta orixinal á maior brevidade.

5. Reembolso do saldo dispoñible

Unha vez alcanzada a data de caducidade das tarxetas, ou antes se a Axencia solicita bloquealas ou dalas de baixa, a entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. comunicará o saldo dispoñible de cada tarxeta e realizará o ingreso, se é o caso, no número de conta que lle indique a consellería.

Sexta. Protección de datos

1.- As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais; e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal dos que sexa destinataria a Axencia Turismo de Galicia na tramitación deste convenio, serán tratados pola mesma coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

2.- As partes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do convenio, salvo que a comunicación derive dunha obriga legal ou mandato xudicial.

3. A Axencia Turismo de Galicia cederá á entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. os datos persoais de conformidade co estipulado no presente convenio, e garante de forma expresa:

3.1. Respecto dos datos das persoas beneficiarias da Tarxeta Bono Turístico, a Axencia garante:

a) Que comunicará á entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. os seguintes datos de carácter persoal relativos ás persoas beneficiarias da Tarxeta Bono Turístico: nome, apelidos, DNI (no seu caso), enderezo e número de teléfono móbil.

b) Que unicamente efectuará a dita comunicación de datos de carácter persoal á entidade mediando a previa, expresa e inequívoca solicitude e autorización de cada unha das persoas titulares de tales datos. Esta autorización constará no procedemento ou modelo establecido ao efecto.

c) Que a mencionada autorización para a comunicación dos datos á entidade constará por escrito.

d) Que para a obtención da citada autorización, a Axencia, como responsable do tratamento, informará de forma expresa e por escrito ás persoas titulares dos datos dando cumprimento ao esixido polo artigo 13 do RXPB, incluíndo polo tanto a información sobre as finalidades para as que a Axencia cederá os datos a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (emisión e envío ás persoas beneficiarias da Tarxeta Bono Turístico e xestión e desenvolvemento da relación contractual derivada da emisión e envío da Tarxeta e da súa utilización pola persoa beneficiaria). Así mesmo, do tratamento de datos persoais das persoas beneficiarias realizado pola entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. na súa condición de responsable do tratamento, informarase debidamente.

Non obstante, e sen prexuízo das obrigas que a esta entidade lle corresponden na súa condición de responsable do tratamento, a Axencia informará ás persoas titulares dos datos de que poderán exercer fronte ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. os seus dereitos en materia de protección de datos nas seguintes direccións: Servizo de Atención ao Cliente de ABANCA, en C/Rúa Nueva 1, Entreplanta, 15.003, A Coruña; ou a través do correo atencioncliente@abanca.com; e de que poderán consultar a información completa sobre o tratamento dos seus datos por esta entidade na súa política de privacidade publicada na web: <https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidad/>

e) Que a Axencia obterá a autorización expresa e por escrito das persoas beneficiarias para que a entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. poda comunicar á Axencia o saldo dispoñible das Tarxetas unha vez alcanzada a data de caducidade das mesmas, ou antes se a Axencia solicita bloquealas ou dalas de baixa, coa finalidade de realizar o correspondente

reembolso dese saldo, se é o caso. Así mesmo, a Axencia informará por escrito ás persoas beneficiarias de que a entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. poderá facilitar á Axencia información agregada e estatística e, polo tanto, anonimizada, relativa ao uso das Tarxetas Bono Turístico polas persoas beneficiarias, coa finalidade de que a Axencia poda realizar o seguimento do desenvolvemento do presente convenio e do Programa Bono Turístico.

f) Que as autorizacións solicitadas pola Axencia segundo o previamente estipulado, serán debidamente arquivadas e custodiadas pola Xunta e se atoparán en todo momento a disposición da entidade.

3.2. Respecto dos datos dos establecementos adheridos ao Programa Bono Turístico, a Axencia garante:

a) Que comunicará á entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. os seguintes datos relativos aos establecementos adheridos: nome comercial, tipoloxía de negocio, localización e os números de comercio cos que os TPVs dos establecementos estean identificados no servizo de pagos.

b) Que unicamente efectuará a dita comunicación de datos á entidade mediando a previa, expresa e inequívoca solicitude e autorización de cada un dos establecementos adheridos (xa sexan estas persoas xurídicas ou negocios cuxo titular sexa un autónomo).

c) Que a mencionada autorización para a comunicación dos datos á entidade constará por escrito.

d) Que para a obtención da citada autorización, a Axencia, como responsable do tratamento, informará de forma expresa e por escrito ás persoas titulares dos datos dando cumprimento ao esixido polo artigo 13 do RXP, incluíndo polo tanto a información sobre as finalidades para as que cederá os datos á entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (vincular as Tarxetas Bono Turístico emitidas aos establecementos e aos seus números de comercio cos que os TPVs estean identificados no servizo de pagos e executar as correspondentes operacións de pago efectuadas con ditas Tarxetas). Así mesmo, do tratamento realizado pola entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. como responsable do tratamento, dos datos persoais dos autónomos que sexan titulares dos negocios adheridos, informarase debidamente. Non obstante, e sen prexuízo das obrigas que a esta entidade lle corresponden na súa condición de responsable do tratamento, a Axencia informará ás persoas titulares dos

datos de que poderán exercer fronte á entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. os seus dereitos en materia de protección de datos nas seguintes direccións: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. e de que poderán consultar a información completa sobre o tratamento dos seus datos por esta entidade na súa política de privacidade publicada na web: : <https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidad/>

e) Que a Axencia obterá a autorización expresa e por escrito dos establecementos adheridos para que a entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. poda facilitar á Axencia información agregada e estatística asociada ao uso das Tarxetas Bono Turístico polas persoas beneficiarias das mesmas no concreto establecemento adherido, coa finalidade de que a Axencia poda realizar o seguimento do desenvolvemento do presente convenio e dos compromisos adquiridos polos establecementos no ámbito do Programa Bono Turístico.

f) Que as autorizacións solicitadas pola Axencia segundo o previamente estipulado, serán debidamente arquivadas e custodiadas pola Xunta e se atoparán en todo momento a disposición da entidade.

Sétima. Comisión de seguimento e control

Constitúese unha comisión mixta para o seguimento e control deste convenio, á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do seu desenvolvemento e non recollidas nel, e con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Compoñen esta comisión:

Pola Axencia :

- A persoa titular da Dirección da Axencia Turismo Galicia ou persoa que a supla, que exercerá a presidencia.
- A persoa titular da Xerencia da Axencia Turismo Galicia , ou persoa que a supla, que actuará como vogal e como secretaria.

Por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.:

- Dúas persoas designadas libremente polo órgano competente da entidade, que actuarán como vogais.

Esta comisión entenderase constituída cando comparezan, presentes ou representadas, as persoas membros, as cales, segundo os asuntos que se vaian tratar, poderán facerse acompañar por outras persoas que puidesen ser especialistas e asesorar a cada unha das partes na resolución adecuada de cada asunto. Estas últimas non terán capacidade de voto.

As funcións desta comisión serán interpretar o convenio, seguir a súa execución, resolver sobre cuestións non previstas e en definitiva velar pola súa aplicación.

As reunións terán lugar cando as persoas membros da comisión de seguimento o decidan.

Das reunións levantaránse actas pola persoa que actúe como secretaria que serán asinadas polas catro persoas membros.

Os acordos da comisión de seguimento e control deberán ser adoptados por unanimidade.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Oitava.- Resultados conxuntos

As partes compartirán os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre os traballos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio. Así mesmo, o diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común para as partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Novena.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das

entidades que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Décima. Réxime xurídico

A este convenio seralle aplicable o réxime xurídico previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, concibíndose como un convenio de carácter administrativo que se rexe polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios establecidos na norma reguladora de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Así mesmo, seralle de aplicación as previsións da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia respecto das entidades colaboradoras na xestión de subvencións públicas.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Axencia Turismo de Galicia poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Décima primeira. Publicidade

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos relacionados co obxecto do convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e a Dirección da Axencia Turismo de Galicia remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura,

finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo, as entidades asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ao acordo asinado que será obxecto de publicación e inscrición no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décima segunda. *Compensación económica, xustificación e constitución de garantías*

A compensación económica a favor de ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. polos gastos de posta en funcionamento, seguimento, asesoramento, información e control do programa será dun máximo de 60.000 euros, financiados con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.6400 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, de acordo co seguinte:

Descrición	CONTIA €
Posta en funcionamento do programa bono turístico 2022	15.000
Asesoramento do programa bono turístico 2022	15.000
Información e control do programa bono turístico 2022	15.000
Seguimento do programa bono turístico 2022	15.000
TOTAL	60.000

A dita compensación será librada previa presentación das facturas emitidas pola entidade á Axencia Turismo de Galicia, xunto cunha memoria xustificativa dos gastos sinalados en dúas fases: unha primeira de ata o 50% do total en concepto de gastos de posta en funcionamento e asesoramento no prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio, e unha segunda pola cantidade restante unha vez finalice o envío de tarxetas as persoas beneficiarias en concepto de seguimento, información e control do programa.

Para a xustificación e pagamento deberá presentar ademais da memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e a facturas sinaladas no paragrafo anterior, certificacións de estar ao corrente das súas obrigas

tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do logo do Xacobeo 21.22.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2022.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto neste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

A entidade colaboradora non esta obrigada a constitución de garantía, segundo o establecido no artigo 72 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, posto que a colaboración non recolle entrega ou distribución dos fondos.

Décimo terceira. *Resolución do convenio*

Darán lugar á resolución do presente convenio :

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta. *Efectos incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes*

En caso de que algunha das partes incumprira as obrigas e compromisos asumidos coa sinatura deste convenio estarase ao establecido no artigo 51.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. *Vixencia do convenio*

O presente acordo entrará en vigor o día da súa sinatura e os seus efectos estenderanse ata o 31 de decembro de 2022.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes que interveñen asinan deste acordo, na data da sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia
Alfonso Rueda Valenzuela

Por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.
José Lino Comesaña Calvo